



# Contas das sociedades mercantís de Galicia

Resumo de resultados 8/09/2023

## Índice

Introdución.....	1
Información por provincias.....	2
Información por tamaño da empresa .....	3
Comparación homoxénea <sup>1</sup> .....	5

## Introdución

O obxectivo central da operación estatística [Contas das sociedades mercantís de Galicia](#) é ordenar, agregar e difundir a información económico-financeira das empresas con sede social en Galicia, para un mellor coñecemento da súa actividade en termos contables. Ademais deste, a operación tamén buscar proporcionar información detallada que permita:

- A análise do comportamento empresarial contable
- Establecer comparacións entre as diferentes ramas de actividade
- Establecer comparacións por tamaño da empresa
- Seguir a súa evolución ao longo do tempo
- Contribuír ao coñecemento das relacións, estratexias e fontes de financiamento

A información para a elaboración desta operación procede das contas anuais que as empresas están obrigadas a presentar nos Rexistros Mercantís. O IGE recibe esta información da base de datos *Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI)* a través da empresa Informa.

Investígase ao conxunto das empresas que presentan as súas contas de resultados nos Rexistros Mercantís de Galicia. Quedan fóra da investigación:

- As sociedades mercantís que, tendo actividade en Galicia, teñen a súa sede noutra comunidade autónoma
- As persoas que traballan por conta propia e sociedades non mercantís que non teñen obriga de presentar as contas



- As sociedades mercantís que, aínda tendo a sede en Galicia e estando obrigadas a presentar as contas, non cumbran con esta obriga

A operación estatística [Contas das sociedades mercantís de Galicia](#) substitúe a outra operación previa, os *Indicadores do sector empresarial*. A xustificación desta substitución atópase en que a base de datos que se emprega na elaboración de ambas ampliouse nos últimos anos e agora permite ofrecer a información das contas económicas das sociedades mercantís en valores absolutos, no canto de por medio de indicadores como se fixera ata o momento da substitución.

## Información por provincias

No ano 2021, 49.209 sociedades mercantís presentaron as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís de Galicia. A meirande parte destas teñen a sede social na provincia da Coruña (o 39% das empresas que presentaron as contas) e na de Pontevedra (38,3%).

O activo das empresas con sede en Galicia ascende a 153.334 millóns de euros. No ano 2021 o importe neto da cifra de negocios destas empresas situouse nos 110.241 millóns de euros e xeraron un valor engadido de 26.939 millóns de euros. Os gastos de persoal, pola súa banda, situáronse nos 14.249 millóns de euros.

## Principais variables das contas anuais das sociedades mercantís. Galicia e provincias. Ano 2021

*Unidade: número de empresas, millóns de euros*

Variables	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número de empresas	49.209	19.191	6.085	5.069	18.864
Total activo	153.334	100.366	8.039	8.835	36.094
Importe neto da cifra de negocios	110.241	59.007	6.351	6.815	38.068
Gastos de persoal	14.249	7.344	986	972	4.947
Resultado de explotación	8.462	6.132	381	430	1.519
Valor engadido	26.939	15.421	1.626	1.649	8.243

*Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))*



As empresas con sede social na provincia da Coruña aglutinan o 65,5% do activo total das sociedades mercantís que presentaron as contas no ano 2021. Se nos fixamos na variable "importe neto da cifra de negocios", as empresas da provincia da Coruña xeraron o 53,5% do importe neto da cifra de negocios total.

## Número de empresas con rexistros válidos segundo o tamaño da empresa. Galicia

*Unidade: número de empresas*

Tamaño	2020	2021
Total	49.869	49.209
Micro (Cifra de negocio <2 millóns de euros)	46.020	44.734
Pequena (Cifra de negocio 2-10 millóns de euros)	2.978	3.448
Mediana-Grande (Cifra de negocio >10 millóns de euros)	871	1.027

*Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))*

## Información por tamaño da empresa

O 90,9% das sociedades mercantís que depositaron as súas contas nos Rexistros Mercantís de Galicia no ano 2021 teñen a consideración de microempresas; isto é, obtiveron unha cifra de negocio inferior aos 2 millóns de euros. O 7% agrúpase dentro da categoría de "pequena" empresa, ao xerar unha cifra de negocio de entre 2 e 10 millóns de euros anuais. E o 2,1% restante, é dicir, as empresas cuxo importe da cifra de negocios supera os 10 millóns de euros, teñen a consideración de mediana e gran empresa.

## Principais variables das contas anuais das sociedades mercantís segundo o tamaño da empresa. Galicia. Ano 2021

*Unidade: número de empresas, millóns de euros*

<b>Variables</b>	<b>Total</b>	<b>Micro</b>	<b>Pequena</b>	<b>Mediana-grande</b>
Número de empresas	49.209	44.734	3.448	1.027
Total activo	153.334	33.447	17.773	102.114
Importe neto da cifra de negocios	110.241	12.891	14.210	83.140
Gastos de persoal	14.249	3.869	2.771	7.608
Resultado de explotación	8.462	752	866	6.843
Valor engadido	26.939	5.436	4.203	17.300

*Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))*

*Nota: as microempresas son aquelas cuxa cifra de negocio non chega aos 2 millóns de euros anuais; o termo "pequena" empresa aglutina ás que teñen unha cifra de negocio anual de entre 2 e 10 millóns de euros; e as medianas e grandes empresas son aquelas que superan os 10 millóns de euros de cifra de negocio anual.*


A pesar de representaren o 90,9% das sociedades mercantís de Galicia, as microempresas achegaron o 11,7% do importe neto da cifra de negocios no ano 2021 (uns 12.891 millóns de euros), fronte ao 75,4% das medianas e grandes empresas (83.140 millóns de euros). Se nos fixamos na variable "gastos de persoal", a diferenza entre ambas tipoloxías de empresas non é tan acusada; no ano 2021 situáronse nos 3.869 millóns de euros no caso das microempresas e nos 7.608 para as medianas e grandes empresas.

O 64,2% do valor engadido das sociedades mercantís que presentaron as súas contas anuais en Galicia no 2021 foi xerado por medianas e grandes empresas; o 20,2% por microempresas e o 15,6% restante por pequenas empresas.

## Importe neto da cifra de negocios das sociedades mercantís segundo o tamaño da empresa. Galicia. Ano 2021

Unidade: porcentaxe (%)

- Micro (Cifra de negocio <2 millóns de euros)
- Pequena (Cifra de negocio 2-10 millóns de euros)
- Mediana-Grande (Cifra de negocio >10 millóns de euros)



Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))

### Comparación homoxénea<sup>1</sup>

O importe neto da cifra de negocios das sociedades mercantís que presentaron as súas contas anuais nos Rexistros Mercantís de Galicia tanto en 2020 como en 2021 incrementouse un 16,8%. A evolución das restantes variables que se presentan na táboa anexa tamén foi positiva entre estes dous exercicios: os gastos de persoal incrementáronse un 11,8%, o resultado de explotación aumentou un 7,9%, entre 2020 e 2021, o valor engadido incrementouse un 11,4%, e o activo total incrementouse un 5%, entre ambos os dous períodos.

---

<sup>1</sup> Para realizar as comparacións anuais deste apartado só se teñen en conta as sociedades mercantís que presentaron as súas contas nos Rexistros Mercantís en dous anos consecutivos.

## Evolución das principais variables das contas anuais das sociedades mercantís, en base homoxénea. Galicia

Unidade: taxa de variación interanual (%)

Variables	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Total activo	5,6	3,8	10,9	11,6	3,3	5,0
Importe neto da cifra de negocios	6,8	7,8	12,0	5,6	-15,0	16,8
Gastos de persoal	5,6	6,5	7,2	6,0	-5,3	11,8
Resultado de explotación	12,1	9,4	106,5	6,0	-60,8	7,9
Valor engadido	8,6	7,3	45,9	21,9	-44,1	11,4


Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))

Se nos centramos na variable “importe neto da cifra de negocios” e analizamos a súa evolución a máis longo prazo, obsérvase que, despois de tres anos de caída, a variable recuperou a senda do crecemento en 2014. En 2019 apréciase un cambio de tendencia xa que, aínda que a súa evolución segue sendo positiva, o ritmo de crecemento diminúe respecto ao 2018. No ano 2020 rexistrouse unha diminución da cifra de negocios das sociedades mercantís con actividade en Galicia, para volver á senda de crecemento ao ano seguinte, no 2021. Hai que apuntar, non obstante, que a diminución rexistrada no ano 2020, tanto no caso da cifra de negocios das sociedades mercantís, como no caso das restantes variables presentadas na táboa anterior, tivo moito que ver coa paralización da actividade económica derivada da pandemia da COVID-19.



## Evolución do importe neto da cifra de negocios das sociedades mercantís (comparativa en base homoxénea). Galicia

Unidade: taxa de variación interanual (%)



Fonte: IGE. Contas das sociedades mercantís de Galicia ([descarga da táboa](#))

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:  
[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia\\_Contas\\_SSMM\\_ga.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia_Contas_SSMM_ga.pdf)



---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>